



Expediente númer.: 67/2017

Acta de baremación do 25/10/2017

Día e hora da reunión: 25 de outubro de 2017, ás 13:45 horas

Lugar de celebración: Salón de actos da casa consistorial

ACTA DE BAREMACIÓN

En As Nogais, o 25 de outubro de 2017.

Reunidos no salón de actos da casa consistorial, o 25 de outubro de 2017, ás 13:45 horas, os integrantes do tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas selectivas no marco do proceso de selección de concurso-oposición de praza vacante de auxiliar administrativo en réxime de interinidade, vacante no cadro de persoal municipal do Concello de As Nogais, son:

- Marta Barreiro Castro, presidente do tribunal.
- José Ignacio López López, secretario do tribunal.
- Alejandro Alcalde Varela, vogal do tribunal.
- Lucía Mera Torneiro, vogal do tribunal.
- Alberto Lugilde Gude, vogal do tribunal.

Unha vez constituído o tribunal cualificador, e de acordo coas bases reguladoras da convocatoria das devanditas prazas, á vista dos documentos presentados acreditativos dos méritos e da experiencia, procédese á súa valoración de acordo coas bases, da que se obtén o seguinte resultado:

| NOME E APELIDOS: SONIA PERNÁNDEZ PÉREZ | |
|---|---------------|
| EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 7 PUNTOS) | 1,644 |
| FORMACIÓN ACADÉMICA (MÁXIMO 2 PUNTOS) | 2,00 |
| FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (MÁXIMO 5 PUNTOS) | 5,00 |
| IDIOMA GALEGO (MÁXIMO 1 PUNTO) | 0,80 |
| IDIOMAS COMUNITARIOS (MÁXIMO 1 PUNTO) | |
| SUPERACIÓN DE EXERCICIOS (MÁXIMO 1 PUNTO) | |
| ENTREVISTA CURRICULAR (MÁXIMO 5 PUNTOS) | 3,00 |
| PUNTUACIÓN TOTAL | 12,444 |

Concello de As Nogais

C/ Rosalía de Castro, s/n, As Nogais. 27677 (Lugo). Tfno. 982364092. Fax: 982364150



Establécese un prazo de dez días hábiles para que se formulen as reclamacións e correccións que se consideren convenientes respecto da baremación.

Concluídos os exercicios e debidamente cualificados, o tribunal, sen superar o número de prazas convocadas, acorda aprobar e proponer os seguintes aspirantes, coa seguinte orde de puntuación:

— Fernández Pérez Sonia, 41,944 puntos.

Posteriormente, este tribunal acorda o anuncio de aprobados no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web www.concelloasnogais.es

Trasládase a dita relación a ALCALDE para que proceda ao seu nomeamento e posterior toma de posesión da praza

O presidente dá por terminada a reunión ás catorce horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e dos vogais presentes, e dou fe.

As Nogais, 25 de outubro de 2017



Asdo: Marta Barreiro Castro

Asdo: Alejandro Alcalde Varela

Asdo: Lucía Mera Torneiro

Asdo: Alberto Lugilde Gude

Asdo: José Ignacio López López

Concello de As Nogais

C/ Rosalía de Castro, s/n, As Nogais. 27677 (Lugo). Tfno. 982364092. Fax: 982364150